

MONTAMOS UN HORTO

INSTRUCCIÓN

Estas normas axudarán a manter un ambiente seguro e eficiente para que todos poidan gozar do proceso de preparar o terreo e aprender sobre o cultivo dun horto.

Para completar esta tarefa deberás seguir as seguintes indicacións:

- **FICHA 1:**

- Revisa as normas de traballo sempre que baixes ao horto a traballar.
- Decora as normas resaltando as palabras máis importantes de cada norma.
- Recorta as normas e pégaas no teu portfolio..



NORMAS A SEGUIR

Estas **normas** están pensadas para que o proceso sexa seguro e organizado:

- **Levar luvas e roupa adecuada:** É importante protexer as mans e usar roupa vella ou resistente, que non importe manchar.
- **Organizarse en equipos pequenos:** Traballaremos en equipos para que todos teñamos unha tarefa e evitemos confusións.
- **Retirar pedras e paus grandes:** Antes de comezar a cavar, retiramos do terreo todas as pedras e paus que atopemos.
- **Arrincar as herbas coidadosamente:** Coller as herbas desde a raíz para asegurarse de que non volvan saír.
- **Usar as ferramentas con coidado:** As pas e rasquetas usaranse con moito coidado, evitando apuntalas cara aos compañeiros
- **Apilar as herbas nunha esquina:** Creamos unha "montaña de herbas" nunha esquina ou cubo.
- **Nivelar o chan:** Unha vez limpo de herbas, alisamos o terreo con rasquetas para que quede preparado para a plantación.
- **Non correr nin xogar na área de traballo:** É importante manterse concentrados e non correr preto das ferramentas.
- **Seguir as instrucións domestra/a:** Se che indica parar ou cambiar de tarefa, seguimos as indicacións sen discutir.
- **Axudar a recoller e gardar as ferramentas:** Ao final do traballo, todas as ferramentas deben ser recollidas e limpas.